



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Investigación de oficio de bens municipais: tramo de camiño no lugar de Vilademeus parroquia de Souto

ANUNCIO

Que o Pleno Municipal do Concello de Paderne en Sesión realizada o día dous de agosto de dous mil de vinte e dous, acordou a aprobación da proposta plenaria que se transcribe.-

- “INCOACIÓN ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO

Non constando no Inventario Municipal de Bens, no que reflicte a camiños municipais, un tramo do Camiño Nº 146 de titularidade municipal, e considerando o informe de Nº rexistro de entrada 202299900000163 de data 8 de xuño de 2022 encargado á Empresa COMPASS SOLUCIONES DE INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.P, sobre posible titularidade dun tramo do camiño nº 146 do Inventario Municipal de Camiños Públicos do Concello de Paderne no Lugar de Vilademeus Parroquia de Souto.

En virtude da Providencia de Alcaldía de data 01/07/2022 na que iniciáronse os trámites para o exercicio da potestade de investigación por parte desta entidade local en orde a determinar a titularidade pública tramo do camiño Nº 146, no expediente número 2022/X999/000265.

Resultando que a Secretaría municipal con data de 04/07/2022 procedeu a emitir informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Resultando que obra informe técnico con levantamento topográfico, co rexistro de entrada no Concello de Paderne Nº 202299900000163 de 08/06/2022 elaborado por D. José Antonio García Couceiro, Arquitecto Técnico A Coruña, Empresa COMPASS SOLUCIONES DE INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.P, polo que se describe o camiño cunha lonxitude de 169,5 metros, cun ancho medio pavimentado de 2,50 metros e unha superficie asfaltada e cunetas de 541 metros.

De conformidade co disposto nos artigos 44 e ss do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Paderne

ACORDA

PRIMEIRO.- Incoar e aprobar o inicio do expediente de investigación de oficio de bens inmobles no tramo do camiño 146 descrito no informe técnico aportado que consonte ao informe que serve de base ao presente expediente inclúese nas parcelas con referencia catastral 15065A00200641, 15065A00200642, 002500100NH69E, 15065A00200626, 15065A00200627, 15065A00200540, 15065A00200622, 15065A00200623 e 15065A00200624, cunha superficie afectada de 32, 7, 52, 21, 22, 43, 5, 5 e 10 metros cadrados respectivamente. O camiño tamén e lindeiro cas parcelas 002500600NH69E, 002500400NH69E, 002500300NH69E e 15065A00200609 desta localidade, segundo os informes obrantes no expediente a efectos de comprobar a titularidade pública do mesmo seguindo o procedemento establecido na precitada lexislación.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín oficial da provincia da Coruña e durante o prazo de quince días no Taboleiro de anuncios deste Concello con expresión das características que permiten identificar o ben investigado, así como notificación individual ás parcelas afectadas.

TERCEIRO.- Notificar a presente aos interesados coas parcelas afectadas para que poidan presentar as alegacións que estimen oportunas acompañando todos os documentos en que funden as mesmas durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación.

CUARTO.- Dar traslado á Administración estatal e autonómica, para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

QUINTO.- Encargar á instrucción á Secretaría Municipal, co fin de levar a cabo as actuacións citadas de audiencia e posterior periodo de proba que corresponda.

SEXTO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantas actuacións sexan precisas na execución do presente acordo.”

O que se pon en coñecemento, de conformidade co previsto nos artigos 49 e 50 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sinalando que no prazo dun mes contado dende o día seguinte o que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no Taboleiro da Corporación (15 días segundo o disposto no art. 49.1 citado), os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas, acompañando todos os documentos en que funden as mesmas.

Dirección electrónica do taboleiro de anuncios do Concello de Paderne :

<https://sede.concellodepaderne.es/opencms/es/informacion/tablon/>

O acto administrativo que se publica é un acto de trámite que da inicio a un expediente administrativo contra o que non cabe recurso algún ao abeiro do disposto no artigo 112.1.II) da Lei 39/2015 de 1 de Outubro de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto sen prexuízo da oposición que poda alegarse na resolución que poña fin ao procedemento e calquera outra actuación que o interesado teña a ben realizar conforme a dereito.

Paderne 4 de agosto de 2022

O ALCALDE PRESIDENTE

CÉSAR LONGO QUEIJO

2022/4861